EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DESCARGABLES

UNIDADE 6. 2ª QUINCENA, 2ª AVALIACIÓN

1. COMENTARIO DE TEXTO: O NACIONALISMO GALEGO NO S. XX

Normas básicas para facer un comentario de texto:

1. Atenta lectura do documento para coñecer o asunto xeral do que trata o texto e ordenar as ideas que contén. É útil subliñar palabras ou frases para distinguir as ideas esenciais das secundarias.
2. Contextualización histórica: que pasaba nese momento? Consiste en situar o texto nun momento histórico concreto ou nun determinado proceso político, social, económico, etc. Pode ser unha breve introdución que enmarque o texto nas circunstancias históricas nas que se produciu.
3. Análise dos contidos: que quere dicir este texto? Haberá que seleccionar as ideas máis importantes, preguntándonos que queren dicirnos (interpretación histórica) e matizar ou mencionar algunhas das ideas secundarias. Pódense incluír aclaracións sobre feitos, persoas, etc., que nos parezan ben, pero sempre como unha parte da redacción, incluídas nela.
4. Que sei eu deste tema? Relacionar o texto cos coñecementos que cada alumno ou alumna teña do tema, para poñer de manifesto a transcendencia do proceso do que se trate.
5. Conclusión: que importancia tivo este feito na súa época? É recomendable rematar cunha conclusión ou valoración global, sempre desde a perspectiva de valorar a importancia que tivo un feito ou un proceso no seu momento (perspectiva de coñecemento histórico), ou que importancia ten para a actualidade.
6.- O comentario debe reflectir o grao de madurez expresiva, polo que se terán en conta as normas de expresión escrita, como a precisión léxica, a corrección da sintaxe ou a claridade da expresión. Finalmente cómpre lembrar que non debe ser moi extenso, a precisión redunda en beneficio da claridade.

Manifesto da Asemblea Nacionalista de Lugo (1918)

" (...) Os persoeiros das Irmandades da Fala reunidos en asambleia magna tida na cibdá de Lugo nos dias 17 e 18 do mes da data pra conquerire do Goberno da Sua Maxestade El Rey autonomia integral da Nazón Galega e fixar n-un programa concreto as que coidan testas soluciós ôs problemas que intresan d-un xeito fondonisimo â vida nazonal da Galicia, aprobaron e sosteñen, c-o corazón ateigado de espranza e os ollos postos no porvir da nay Terra, as siguentes conclusiós, que fan públicas pra conocimento e meditazón do pobo Galego, nestora solemne do albeo das nazonalidades que sinten tremelar a sua y-alma e fan xurdir a súa persoalidade.
I. PREVIA

Tendo a Galicia todal-as caracteristicas esenciaes de nazonalidade, nós, nomeámonos, d-oxe pra sempre, nazonalistas galegos, xa que a verba rexonalismo non recolle todal-as aspiraciós nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas.
II. Poblemas constituentes
1º. Autonomia integral pr-a Galicia. (..)
3º. Cooficialidade dos idiomas galego e castelán. (...)
4º. Federación de Iberia.
III. Poblemas politicos
1º. Igoaldade de dereitos pr-a muller.
2º. Custión eleitoral: A función eleitoral terá de sere da responsabilidade do goberno e protexida pol-o Poder público. Representación proporcioal como sistema eleitoral. Non serán elexibles os elementos que non rendan unha función útil pr-a colectividade. A Asambleia declara: Que si nas eleiciós pr-a Cortes Constituentes Hespañolas non se nos dera unha prenda en garantia exceicional pr-a que a vontade do pobo poida manifestarse con toda libertade- pois coas organizaciós oligarquicas de oxe non seria abranguible- apelariamos ôs representantes das nazonalidades Eúskara e Catalana e, si elo non abondara, ô Estado mais afin ô noso pra que na Liga das Nazóns defenda o noso dereito â libertade cibdadana.
3º. Acabamento das Diputaciós provinciás.
4º. Creación do Poder Autónomo, representado por un xuntoiro ou Parlamento Galego, elexido por sufraxio universal, con todal-as facultás que a reforma da Costitución non garde pr-ô Poder Central e sempre, pol-o menos as siguentes (...)
IV. Facultás do Poder Galego
1ª. Nomeamento da Xunta Gobernadora que terá de exercel-o Poder executivo, composta d-un Presidente e seis Segredarios encarregados dos Departamentos de Adeministración, Xusticia, Enseño, Obras publicas, Agricultura, e Industria e Comercio.
2ª. Todal-as funciós adeministrativas. (...)
4ª Réxime tributario (...)
6ª O réxime bancario (...)
V. Cuestiós Xurídicas
(...) 6ª. As terras dos pequenos propietarios que as laboreen consideraranse instrumentos de traballo pra os efeutos do embargo.
7ª. O arrendatario, terá dereito a unha parte da supervalia do arrendado, sempre que sexa debida a os melloramentos producidos pol-o seu traballo.
VI. Problemas económicos (...)
4ª. A Asambleia declara de toda urxencia a resolucion do problema dos gravámenes sobor da terra en Galicia.
5ª. Tamén declara sere un crime contra Galicia o permanente absentismo dos propietarios da terra.(...)
VII. Aspeitos artísticos
1º Proclamar a soberania estética da Nazón Galega que se exercerá: (...)
Na cibdá de Lugo, a noite do dazaoito de Samartiño do mil novecentos dazaoito. (...)".

RESPOSTAS

1. COMENTARIO DE TEXTO: O NACIONALISMO GALEGO NO S. XX

Estamos ante unha escolma das bases fundacionais da Asemblea Nacionalista de Lugo, que tivo lugar no ano 1917. En plena Restauración, o pensamento nacionalista atopa por primeira vez unha expresión política, que supera os postulados rexionalistas que xurdirán a finais do s. XIX, ao considerar a Galicia como unha nación.

A Restauración foi o réxime político que rexeu España entre os anos 1873, data da coroación de Afonso XII, até 1931, cando tras os resultados das eleccións municipais convocadas ese ano, se proclame a II República, marchando o rei ao exilio. Durante estes anos se viviron dúas etapas claramente diferenciadas: unha primeira, caracterizada pola existencia dun réxime liberal oligárquico onde dous partidos se rotaban no poder, a época das quendas, e unha segunda, a ditadura de Primo de Rivera, un goberno autoritario que foi incapaz de pór freo á descomposición e falta de apoios do sistema da Restauración.

O sistema político da Restauración encubría, baixo unha aparencia de concorrencia electoral libre, unha falta de pluralidade e representatividade política, ao estar controladas ambas as dúas cámaras, o Congreso dos Deputados e o Senado, por un poder oligárquico agrupado no partido conservador e liberal, que se repartía sucesivamente, por medio dun sistema de quendas, os sucesivos gobernos. Deste xeito, os procesos electorais eran auténticas farsas que excluía as opcións políticas diferentes.

Dende o fracaso do levantamento de 1846 e a conseguinte represión dos provincialistas e das súas ideas, as ideas galeguistas desapareceran do eido político. Deste xeito na Restauración continuouse con esta dinámica, ficando reducido o galeguismo ao ámbito cultural, no que destaca especialmente o Rexurdimento literario que vai sentar as bases da literatura galega contemporánea. Fronte a este sistema bipartidista, de alternancia pacífica, que garantía unha grande estabilidade do sistema, a realidade social de España foi mudando e nova reivindicacións sociais non tiñan cabida no sistema político. Aquí se encadrarían as reivindicacións políticas de carácter nacional, que adquiriran tal importancia en Cataluña e Euskadi até o punto de conseguir rachar co sistema electoral, aparecendo forzas políticas que defendían reivindicacións nacionalistas.

En Galicia continuou a denominar o sistema electoral controlado dende o goberno central, as redes caciquís lideradas por importantes "familias políticas", que dominaban unha serie de distritos electorais, até o punto de ser denominados coma "enfeudados", mentres estendían o seu poder por outras zonas de Galicia cunha hábil xogo de de redes clientelares. Non é raro que os asinantes do Manifesto da Asemblea Nacionalista de Lugo teñan entre os seus obxectivos a reforma electoral, único xeito posible para ter representación política. Así indican que a "r*epresentación proporcioal como sistema eleitoral. Non serán elexibles os elementos que non rendan unha función útil pr-a colectividade",* co que parecen referirse ao fin destes distritos enfeudados ou aqueles, coñecidos como "cuneros", onde dende o Ministerio de Gobernación se impuña un candidato que non coñecía e, polo tanto, non podía defender os intereses dos seus posibles electores. Neste sentido, insisten que o problema está nas "*organizaciós oligarquicas"* e buscan exemplo e apoio no que xa está a ocorrer nas *"nazonalidades Eúskara e Catalana".* Para que todo isto sexa posible, como indican no artigo 3º, cómpre o "*Acabamento das Diputaciós provinciás"*, que, se por unha parte uníase á vella reivindicación provincialista da eliminación das provincias, eran conscientes que era un dos piares dos caciques locais dese sistema electoral corrupto e caciquil, xunto aos gobernadores civís e aos alcaldes, ambos os dous elixidos dende o goberno central.

Con todo, as afirmacións desta Asemblea Nacionalista amosan como o ideal galeguista fora evolucionando. Xa non estamos só ante as reivindicacións descentralizadoras e dunha maior autonomía que caracterizan, desde posicionamentos ideolóxicos mesmo enfrontados, ás diferentes orientacións que configuraran o movemento rexionalista, que xurdira en Galicia a fins do s. XX, esmorecendo posteriormente sen

atopar representación política. Tampouco é unicamente un partido configurado coma un movemento anticaciquil, como o que se tentara construír e expandir no rural coa chamada "Solidariedade Galega", tamén cun escaldo respaldo popular. A Asemblea Nacionalista configúrase, por primeira vez en Galicia, como un auténtico movemento nacionalista, a entender Galicia como unha nación. Así, reclaman ao "*Goberno da Sua Maxestade El Rey autonomia integral da Nazón Galega".* Unha formulación ideolóxica da que será herdeira o futuro Partido Galeguista, nado no ano 1931, e que será o referente das posturas nacionalistas durante a II República.

Dende o punto de vista ideolóxico, ademais dos evidentes postulados nacionalistas, o Manifesto non se posicionará claramente entre as reivindicacións dos movementos de esquerdas ou as proclamas tradicionalistas. Esta indefinición ideolóxica será característica do movemento nacionalista en Galicia da primeira metade do s. XX, só adoptándose uns posicionamentos máis claramente progresistas no período final da II República, coa coalición do PG dentro da Fronte Popular, baixo o liderado de Castelao, Bóveda ou Suárez Picallo. Deste xeito, notáse a influencia do tradicionalismo na vinculación do feito nacional galego coa ruralidade, con todos os artigos que dedica á cuestión rural. Cómpre facer unha especial atención a que o problema foral aínda non estaba resolto (será durante a ditadura de Primo de Rivera cando se lle dea unha saída a un problema aberto dende fins do s. XVIII), polo que, baixo o apartado "Cuestións xurídicas", posiciónanse a favor dunha solución que confira a propiedade da terra aos campesiños (art. 6 e 7), insistindo no apartado de "Cuestións económicas": "*A Asambleia declara de toda urxencia a resolucion do problema dos gravámenes sobor da terra en Galicia".*

En resumo, a I Asemblea Nacionalista de Lugo de 1917 converteuse nun momento fundamental da configuración do pensamento e da acción política do nacionalismo na primeira metade do s. XX, superando as visións rexionalistas anteriores e sendo o referente ideolóxico do futuro Partido Galeguista. Con todo, a súa concreción política foi moi limitada, incapaz de facerse un oco no sistema da Restauración e practicamente desaparecida na posterior ditadura de Primo de Rivera. Haberá, pois, que agardar á chegada da II República para que estas ideas tomen corpo de forza política da man do Partido Galeguista.